

Por resolución do Presidente da Deputación número 5887, do 19 de febreiro de 2024, aprouse a convocatoria da *II PROBA 10K "OS 10.000 PEREGRINOS" DEPUTACIÓN DA CORUÑA*, integrada por carreira e andaina, que terá lugar no concello de Santiago de Compostela o día **6 de abril de 2024**, e que se desenvolverá segundo as seguintes

## BASES

### 1.- Participantes.

Poderán participar un máximo de 5.000 deportistas coa seguinte distribución:

- \* 2.000 atletas para unha proba de 10K.
- \* 1.000 atletas para unha proba de 5K.
- \* 1.000 atletas para unha proba de 2K.
- \* 1.000 participantes nunha andaina para todo os públicos.

Se nalgunha proba das anteriormente mencionadas non se completasen as prazas ofertadas, procederase a aumentar as ditas prazas noutra categoría.

As persoas participantes poderán ser das seguintes categorías e anos de nacemento:

#### Probas 10K e 5K

Categoría	Ano
Xuvenís/sub18	2007-2008
Juniors/sub20	2005-2006
Promesas/sub23	2002-2004
Seniors	1990-2001
Máster 1	1984-1989
Máster 2	1974-1983
Máster 3	1964-1973
Máster 4	1963 e anteriores

#### Proba 2K

Categoría	Ano
Cadetes/sub16	2009-2010
Infantís/sub14	2011-2012
Alevín/sub12	2013-2014

Na **andaina** de 5K poderán participar todas as persoas que naceran no ano 2016 ou anteriores.

### 2.- Lugar e data da proba.

A *II PROBA 10K "OS 10.000 PEREGRINOS" DEPUTACIÓN DA CORUÑA* terá lugar en Santiago de Compostela o día **6 de abril de 2024**.

A data prevista poderá ser modificada, coa petición previa razoada e autorización da Deputación.

### 3.- Inscricións

As inscricións para participar na *II PROBA 10K "OS 10.000 PEREGRINOS" DEPUTACIÓN DA CORUÑA* realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

Estará operativa desde a publicación do regulamento da proba ata o mércores anterior ao día da celebración da proba.

Cota de inscrición: será de balde

### 4.- Normativa da proba.

A *II PROBA 10K "OS 10.000 PEREGRINOS" DEPUTACIÓN DA CORUÑA*, competición oficial catalogada pola Federación Española de Atletismo como Competición Internacional Tipo II e incluída no *Calendario Nacional de Competicións* da Federación Española de Atletismo, rexeráse polas normativas específicas da Federación Galega de Atletismo e a da Real Federación Española de Atletismo para "*pruebas en ruta 2024*".

### 5.- Premios.

Establécense os seguintes premios

Posto	Premio	Condición homes <sup>(1)</sup>	Condición mulleres <sup>(1)</sup>
1º	1.800 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
2º	1.300 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
3º	1.000 €	Realizar 31:00 ou menos	Realizar 34:00 ou menos
4º	700 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 35:00 ou menos
5º	500 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 35:00 ou menos
6º	300 €	Realizar 33:00 ou menos	Realizar 36:00 ou menos

Atletas galegos/as<sup>(2)</sup> (premio non acumulable):

Posto	Premio	Condición homes <sup>(1)</sup>	Condición mulleres <sup>(1)</sup>
1º Galego/a	1.000 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 36:00 ou menos
2º Galego/a	600 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 36:00 ou menos
3º Galego/a	350 €	Realizar 32:00 ou menos	Realizar 36:00 ou menos
4º Galego/a	250 €	Realizar 33:00 ou menos	Realizar 37:00 ou menos
5º Galego/a	200 €	Realizar 33:00 ou menos	Realizar 37:00 ou menos

<sup>(1)</sup> No caso de non cumprir esta condición, aplicarase unha rebaixa do 50%.

<sup>(2)</sup> Consideraranse atletas galegos/as ás persoas empadroadas ou que naceran nalgún concello de Galicia. Para poder recibir o premio, as persoas premiadas deberán remitir o seu certificado

de empadramento ou documentación que acredite o lugar de nacemento, ao enderezo de correo electrónico [secretaria@atletismo.gal](mailto:secretaria@atletismo.gal).

Os premios serán aboados polo adxudicatario do contrato da organización, coordinación, realización e control técnico da *II PROBA 10K "OS 10.000 PEREGRINOS" DEPUTACIÓN DA CORUÑA*.

A Coruña, 19 de febreiro de 2024.

O presidente,  
Velentín González Formoso

A secretaria,  
Amparo Taboada Gil